

## Concello de Ponteareas

---

### SUPOSTO PRACTICO

PRESENTASE NO CONCELLO POR PARTE DUNHA MERCANTIL INSTANCIA ACHEGANDO O CORRESPONDENTE PROXECTO PARA OBTENCIÓN DO TITULO HABILITANTE MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DUNHA ESTACIÓN DE SERVIZO PARA SUMINISTRO DE CARBURANTES E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS TALES COMO BOX DE LAVADO DE COCHES, CAFETARIA E VENDA POLO MIUDO DE ALIMENTOS, BEBIDAS E PRENSA. Dita Mercantil sen esperar a obter as correspondentes autorizacións comenza as obras, as remata e empeza a funcionar, dado que o procedemento administrativo dilátase nun tempo superior a un ano e medio.

#### CUESTIÓNS A RESPOSTAR:

A) Que autorización ambiental precisa dita obra e actividade con carácter previo á concesión do título habilitante municipal?.

De avaliación de incidencia ambiental

B) En que normativa específica ven reflexada tal necesidade .

Anexo da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia

C) Ten competencias o Concello para inspeccionar dita actividade dende o punto de vista ambiental.

Si en virtude do disposto no artigo 29.2 da lei 1/1995 de 2 de enero, de protección ambiental de Galicia

D) Pode o Concello acordar de oficio unha inspección da devandita actividade ?

Si segundo o artigo 31.c da Lei 1/1995.

E) Se procede por parte do Técnico de Medio Ambiente a realizar a inspección oportuna levantando a pertinente acta de inspección, sendo dito Técnico funcionario, goza a acta de presunción de veracidade respecto aos feitos declarados probados nela?.

Si en virute de artigo 32 da Lei 1/1995 citada.

F) En dita acta o Técnico constata que a actividade se está a desenrolar sen licenza municipal por estar en tramitación a mesma, tal conducta e constitutiva de infracción administrativa?

Si.

G) En caso afirmativo indica onde ven tipificada dita infracción ?

Artigo 33<sup>a</sup> da Lei 1/1995 xa mencionada.

H) Estamos ante unha infracción moi grave, grave ou leve?



## Concello de Ponteareas

---

Grave segundo tipifica o artigo 34.3 ou moi grave se ademáis concurren as circunstancias do artigo 34.4 da mesma Lei..

I) Indica as posibles sancións pecuniarias:

Segundo o artigo 35.1 da devandita Lei 1/1995

se a infracción e grave: Con multa entre 6.010,12 e 60.101,21 €.

se é moi grave: Con multa entre 60.101,21 € a 300.506,1 €.

J) Que sancións poden impoñerse con carácter simultáneo no caso de infracción grave:

Segundo o artigo 35.2.a da devandita Lei 1/1995

o peche do establecemento ou a suspensión da actividade, total ou parcial, por un prazo non superior a dous anos